



TEM- PADA / 2017

de setembro
a dezembro

SUMARIO

AS MATINAIS DO COLÓN

6. 15 de outubro. TEATRO.
Xurdefet. *Berrobambán.*
7. 22 de outubro. MÚSICA.
María Fumaça. *Aire.*
8. 5 de novembro. TEATRO.
Animais de compañía. *Teatro do Noroeste.*
9. 19 de novembro. MÚSICA.
Gallaecia Gallaeciños. *Gallaecia eventos.*
10. 3 de decembro. TEATRO / MONICREQUES.
As aventuras de Gale. *A xanela do Maxín.*
11. 10 de decembro. MÚSICA.
O camiño dos paxaros. *Magín Blanco.*

PROGRAMA ESCOLAR

13. 18 e 19 de outubro. TEATRO.
Elisa e Marcela. *A Panadaría.*
14. 7, 8, 9 e 10 de novembro. TEATRO.
Animais de compañía. *Teatro do Noroeste.*
15. 15 e 16 de novembro. TEATRO.
Fillos do Sol. *Contraproduccións & Fiot Carballo.*
16. 29 e 30 de novembro e 1 de decembro. TEATRO.
A Cabeza do Dragón. *Produccións excéntricas.*

COLÓN A ESCENA!

18. 25 de setembro. MÚSICA.
Homenaxe a Violeta Parra. *Espectáculo musical con Tita Parra, Martirio, Uxía e Rosa Cedrón.*
19. 30 de setembro. MÚSICA.
Uxía_o. *Estrea presentación do disco sobre poemas de Uxío Novoneyra.*
20. 7 de outubro. HUMOR.
Menú da noite. *Carlos Blanco e Luís Davila.*

21. 16 de novembro. TEATRO.
Fillos do Sol. *Contraproduccións & Fiot Carballo.*
22. 18 de novembro. MÚSICA.
Gallaecia All Stars. *Jazz Big Band.*
23. 22 de novembro. DANZA.
O Lago dos Cisnes. *Ballet de Moscova.*
24. 1 de decembro. TEATRO.
A Cabeza do Dragón. *Producións excéntricas.*
25. 8 de decembro. TEATRO.
Mensaxe do Mar. *Fantoches Baj.*
26. 16 e 17 de decembro. DANZA/MÚSICA.
O Poder do Arcabuz. *Quique Peón Cía.*
27. 26 de decembro. TEATRO.
Eroski Paraíso. Chévere. *30 Anos de Teatro Galego.*
28. 29 e 30 de decembro. TEATRO.
Estado de Graza. Teatro do Noroeste. *30 Anos de Teatro Galego.*

CINEMA COLÓN

30. 12 de outubro. CINEMA.
O mellor do Curtocircuíto 2017.
31. 7 de decembro. CINEMA.
O mellor do Cineuropa 2017.

CONEXIÓNS COLÓN

33. 24 de setembro. MÚSICA.
Concerto Gospel Aniversario da Reforma de Lutero.
Consello Evanxélico.
33. 26 de setembro. AUDIOVISUAL.
Tosta. *A Mesa pola Normalización Lingüística.*
34. 14 de outubro. MÚSICA.
Os nosos interpretes Ángeles Blancas Gulín. *Amigos da Ópera.*

34. 27 de outubro. MÚSICA.
Concerto solidario Zarzuela. *Coro e Orquestra da Escola Municipal de Música da Coruña.*
34. 28 de outubro. MÚSICA.
Homenaxe a Pepe Temprano. *Asociación de Gaiteir@s Galeg@s.*
35. 30 e 31 de outubro. TEATRO.
Don Juan Tenorio. *Asociación Cultural Zalaeta.*
35. 17 de novembro. MÚSICA.
Festival de Outono. *Coral Polifónica Follas Novas.*
36. 25 de novembro. MÚSICA.
Coro Cantabile. *A.C. e Musical Cantabile.*
36. 26 de novembro. DANZA.
Gala Solidaria de Danza. *Fundación Terra de Homes Galicia.*
36. 28 de novembro. GALA.
Gala Premios Solidarios. *ONCE Galicia.*
37. 19 e 20 de decembro. DANZA.
Café da Estación. *Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña.*
37. 21 de decembro. DANZA.
Espectáculo benéfico A Historia da Danza.
Cociña Económica da Coruña.
37. 22 de decembro. MÚSICA.
Concerto de Nadal. *Orquestra e Coro Gaos.*

PRODUCCIÓNS DAC_CULTURA

39. 20 de outubro. MÚSICA.
Quero Cantar. *Gala final cos grupos gañadores do certame musical.*
40. 11 de novembro. GALA.
Atesourando a Palabra. *Homenaxe nacional a Paco Souto.*
41. 24 de novembro. MÚSICA.
Hemisferios. Mulleres e Voces. *Espectáculo musical con Uxía, Pilocho, Alba María, Belém Tajés, Ugía Pedreira, Silvia Penide, Sonia Lebedinsky e Carmen Rey.*

AS MATI- NAIS DO COLÓN

Unha das apostas do novo Colón: propoñémosvos un plan perfecto para os domingos pola mañá! Coas nosas matinais achegaremos diferentes espectáculos de música, monicreques, teatro e outras formas de expresión artística, sempre coa calidade por bandeira. Programación escénica e musical galega para o público familiar. Anotade nas axendas! Dous domingos de cada mes tedes unha cita familiar no Colón.

MATINAIS

TEATRO



15 de outubro. 12:00H.

XURDEFET

JOUR DE FÊTE



Berrobambán



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Familiar

INTÉRPRETES: Paula Carballeira, Nuria Sanz e Chiqui Pereira. TEXTO: Paula Carballeira a partir de textos de Jacques Prévert. DIRECCIÓN: Chiqui Pereira. AX. DIRECCIÓN: José Campanari. MÚSICA: Nacho Sanz. ILUMINACIÓN: Baltasar Patiño. VESTIARIO: José Campanari. REALIZACIÓN VESTIARIO: Cloti Vaello. ESPAZO ESCÉNICO: Baltasar Patiño. REALIZACIÓN ESPAZO: Allmad estudio. PRODUCCIÓN: Chiqui Pereira. AX. PRODUCCIÓN: María Rosendo. ASESORÍA COREOGRÁFICA: Olga Cameselle. DESEÑO GRÁFICO: Nanina Deseño. UNIDADE DIDÁCTICA: Lara Rozados. GRAVACIÓN VÍDEO: Illa Bufarda.

Calquera día é bo para unha festa, aínda que a túa nai non queira que saias da casa, por se te mollas, por se te ensuxas, por se alguén te leva, por se non atopas o camiño de volta, por se...

Unha muller, que foi nena hai algún tempo, volve ao patio da súa casa e lembra un día de festa no que descubriu que os animais tiñan preocupacións moi semellantes ás súas: non querían medrar nunha gaiola, non querían que os insultasen, non querían aburrirse, non querían xogar sen compañía.

MÚSICA

Aire

MATINAIS

22 de outubro. 12:00H.

MARÍA FUMAÇA

AIRE



A. C. María Fumaça



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Familiar

Uxia, Magín Blanco, Tatán, Andrés Giráldez, Sérgio Tannus, Santi Crieiro, Antonio Castillo, Raquel Domínguez, Pablo Ces, Oli Xiráldez, Chus, Ana, Manola, Ruí e as máis de 30 persoas que integran a familia María Fumaça.

A nosa locomotora da alegría segue atravesando vales e montañas, cruza océanos e voa por riba das fronteiras. Os vosos folgos e aplausos fixéronnos embarcar nesta terceira aventura con máis risco se cadra, sen rede, deixándonos levar polo que máis nos gusta: as ganas de divertírmolos xuntos, cantar e bailar ata reventar. O noso novo espectáculo é unha invitación a entrar no universo do noso maquinista Ruí, nos seus xogos, no seu mundo rico, imaxinativo e diferente, a entendelo por riba de todo e a respirar o mesmo aire.

TEATRO

MATINAIS



5 de novembro. 12:00H.

ANIMAIS DE COMPAÑÍA



Teatro do Noroeste



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Familiar

Animais de compañía de Eduardo Alonso. ACTRICES: Manuela Varela e Inma Antón.

Unha comedia musical con dúas personaxes: unha cadela e unha gata. Con evidentes diferenzas pero convivindo nun mesmo espazo e nun mesmo tempo, aprendendo a respectárense.

Como nas fábulas clásicas, dous animais toman características humanas para construír un proceso de aprendizaxe e toma de valores éticos. Neste caso os animais son dous: unha vella cadela e unha gata nova.

Tratando en clave de comedia unha situación cotiá nunha casa dunha moza nova amante dos animais, establece un paralelismo entre o que lle acontece ás súas mascotas e o que acontece na sociedade actual.

MATINAIS

MÚSICA



19 de novembro. 12:00H.

GALLAECIA GALLAECIÑOS

A HISTORIA DO JAZZ



Gallaecia eventos



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Familiar

GUIÓN: Gallaecia Big Band. VESTIARIO: Gallaecia Big Band. PRODUCCIÓN: Gallaecia Big Band.

Un proxecto educativo, teatral e musical co que queremos facer chegar aos rapaces e rapazas a Historia do Jazz, dun xeito entretido e participativo para que aprendan divertíndose.

O noso equipo artístico, formado por 6 músicos e 2 cantantes - actores, comezarán o concerto didáctico sendo escravos, que entre cadeas e algodón, achegarannos ao nacemento do jazz co Góspel e, sucesivamente, faremos un percorrido cronolóxico pola súa historia, rememorando os seus diferentes intérpretes e estilos máis célebres como Scott Joplin, Duke Ellington, Charlie Parker. Explicaremos o Gospel, o Rag-Time e Dixieland, o Blues, o Swing, o Be-Bop, Funky e Soul. Unha actividade única e exclusiva onde a Historia, a música, o teatro e a diversión van da man!

MATINAIS

TEATRO /
MONICREQUES

3 de decembro. 12:00H.

AS AVENTURAS DE GALE

BASEADA NA OBRA DE PEPE CARREIRO

“HISTORIA DA LINGUA GALEGA, DO LATÍN AO ACENTO DE BURGOS”



A xanela do Maxín



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Familiar

DIRECCIÓN, ACTRIZ E TITIRITEIRA: Celia Figueiras. GUITARRA E VIOLÍN: Carlos G. Fandiño. ACORDEÓN, FRAUTAS E VOZ: Sonsoles Penadique.
ILUMINACIÓN: Fernando Martínez de Vega. ESPAZO SONORO: Luis Vallecillo. TEXTO: Pepe Carreiro, Celia Figueiras e Séchu Sende.

Gale conducirá ás nenas e nenos a través da súa historia para que lle axuden a repartir ese gran tesouro que protexe con tanto con mimo: palabras, expresións, dicires e unha maneira única de ser e de descubrir o mundo.

Unha historia chea de aventuras e desventuras que nos axudarán a comprender as circunstancias que rodean a Gale no día de hoxe, pero tamén a gran riqueza que supón contar con música, poemas, libros e canta cultura se creou e creará en galego.

Nalgúns momentos Gale estivo moi enfermiña, case apagada, como pode ser nos Séculos Escuros, mentres que noutras etapas reluciu de esplendor. Actualmente non está no seu mellor momento e por iso mesmo precisa da nosa axuda.

MÚSICA

MATINAIS



10 de decembro. 12:00H.

O CAMIÑO DOS PAXAROS

O NOVO ESPECTÁCULO INFANTIL DE MAGÍN BLANCO



Magín Blanco



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Familiar

DIRECCIÓN: Santiago Cortegoso. ELENCO: Magín Blanco e Marián Bañobre.

“O Camiño dos Paxaros” é unha historia de superación persoal, contada a través da música e da interpretación, baseada na evolución dun personaxe que debe afrontar a dureza da vida, e loitar para coñecer os seus sentimentos e descubrir cal é o camiño que debe seguir para conseguir a felicidade. Con Marián Bañobre en escena acompañando as músicas de Magín Blanco, unha montaxe pensada para o desfrute do público familiar. Da dirección escénica encargárase nesta ocasión Santiago Cortegoso, e do deseño de imaxe Leandro Lamas.

PROGRA- MA ESCOLAR

O Teatro Colón mantén e reforza o programa escolar de artes escénicas, dirixido ao alumnado dos centros de primaria e secundaria de toda a provincia. Unha campaña coa que se pretende achegar o teatro aos públicos máis mozos, formándoos e convidándoos a participar dunha oferta escénica de calidade e con contidos vinculados ao traballo en valores, a cohesión social e o respecto á diversidade. O Colón tamén é escola, avisade nos vossos centros!

PROGRAMA
ESCOLAR

TEATRO



18 e 19 de outubro. 11:00H.

ELISA E MARCELA



A Panaduría



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Estudiantes

ACTRICES CREADORAS: Areta Bolado, Noelia Castro e Alién Kendelman. DIRECCIÓN: Gena Baamonde. TEXTO: Esther F. Carrodegua, Gena Baamonde e A Panaduría. MÚSICA: Alién Kendelman. VESTUARIO E CARACTERIZACIÓN: Fany Bello. ILUMINACIÓN: Montserrat Piñeiro e Laura Iturralde.

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo na Coruña. Para conseguir enganar ao cura e facer oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A voda e os posteriores sucesos que envolven a súa historia convértenas no primeiro matrimonio homosexual do que temos constancia en todo o Estado mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da Historia de Galicia. Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellas lésbicas.

TEATRO

PROGRAMA
ESCOLAR



7, 8, 9 e 10 de novembro. 11:00H.

ANIMAIS DE COMPAÑÍA



Teatro do Noroeste



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Estudantes

Animais de compañía de Eduardo Alonso. ACTRICES: Manuela Varela e Inma Antón.

Unha comedia musical con dúas personaxes: unha cadela e unha gata. Con evidentes diferenzas pero convivindo nun mesmo espazo e nun mesmo tempo, aprendendo a respectárense.

Como nas fábulas clásicas, dous animais toman características humanas para construír un proceso de aprendizaxe e toma de valores éticos. Neste caso os animais son dous: unha vella cadela e unha gata nova.

Tratando en clave de comedia unha situación cotiá nunha casa dunha moza nova amante dos animais, establece un paralelismo entre o que lle acontece ás súas mascotas e o que acontece na sociedade actual.

PROGRAMA
ESCOLAR

TEATRO

15 e 16 de novembro. 11:00H.

FILLOS DO SOL



Contraproducións & FIOT



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Estudantes

ELENCO: César Cambeiro, Adrián Ríos e Alba Bermúdez. TEXTO: Cándido Pazó. ILUMINACIÓN: Afonso Castro. ESCENOGRAFÍA: Carlos Alonso.
VESTIARIO: Carlos Alonso e Belén Pichel. REALIZACIÓN VESTIARIO: Mila Abal. MÚSICA: Guillermo Fernández. AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Belén Pichel.
AXUDANTE DE PRODUCCIÓN: Lilián Portela. XEFE DE PRODUCCIÓN: Belén Pichel. DIRECCIÓN: Cándido Pazó.

Elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: Os Eoas.

A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, o bardo bergantiñán, xa octoxenariano e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación e a xove criada da pensión na que está albergado.

PROGRAMA
ESCOLAR

TEATRO

29 e 30 de novembro e 1 de decembro. 11:00H.

A CABEZA DO DRAGÓN

UNHA OBRA DE VALLE-INCLÁN



Produccións excéntricas



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Estudantes

ELENCO: Quico Cadaval, María Costas, Iván Marcos, Yelena Molina, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Josito Porto e Patricia Vázquez. AUTOR: Ramón María del Valle-Inclán. DIRECCIÓN E DRAMATURXIA: Quico Cadaval. VESTIARIO E DISEÑO GRÁFICO: Suso Montero. ESPAZO ESCÉNICO E ILUMINACIÓN: Baltasar Patiño. COMPOSICIÓN MUSICAL: Javier María López. DIRECCIÓN MUSICAL: Diego García Rodríguez. MÚSICOS DO T.A.C.: Luís Soto, Saúl Canosa, Alfredo Varela, José Vicente Faus, Nicasio Gradaille, Xaquín Carro Crieiro e Alvaro Quintanilla. XEFE TÉCNICO: Octavio Mas. MAQUINARIA E SON: Pepe Quintela. COREOGRAFÍA: IVÁN Marcos. XEFE DE PRODUCCIÓN: Rubén G. Pedrero.

“A Cabeza do Dragón” foi incluída polo autor nunha colección de farsas que titulouse, ironicamente, “Retábulo de marionetas para educación de príncipes”. A historia conta a viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo.

Esta fábula está brillantemente manipulada por Valle-Inclán, quen introduce elementos actuais, crítica social, brincadeiras políticas, anacronismos argumentais, comentarios alleos á tradición do conto marabilloso... A función liberadora do riso, a corrupción política, a violencia machista, a anacrónica institución da monarquía, o medo á liberdade ou a banalización do amor romántico son temas da obra que continúan de actualidade. Valle-Inclán, coas oportunas manipulacións, leva a fábula ao grotesco contemporáneo que el creou: o esperpento.

Entre a magnética influencia do Xapón e a potente tradición da farsa europea, chea de máscaras e de acrobáticos combates, móvese esta primeira versión galega de “A Cabeza do Dragón” no 80 aniversario da morte de Valle-Inclán.

COLÓN A ESCENA!

O ciclo da programación escénica e musical coa que a Deputación da Coruña quere apoiar as propostas máis vivas e interesantes do teatro e da música galega e, como non, achegar ao noso escenario diferentes propostas de calidade doutras culturas.

MÚSICA

COLÓN
A ESCENA!

25 de setembro. 20:30H.

HOMENAXE A VIOLETA PARRA

ESPECTÁCULO MUSICAL CON TITA PARRA, MARTIRIO,
ROSA CEDRÓN E UXÍA COMO CONVIDADAS.



Tita Parra



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Adulto

VOZ E GUITARRA: Tita Parra. PERCUSIÓNS: Greco Acuña. GUITARRA: Juan Antonio Sánchez. GUITARRA, VIOLA CAIPIRA E CAVAQUINHO: Sérgio Tannus.
ACORDEÓN: João Gentil. INVITADAS: Rosa Cedrón, Martirio e Uxía. DIRECCIÓN ARTÍSTICA: Uxía.

No marco do centenario do nacemento da cantautora chilena Violeta Parra, Galicia súmase ás homenaxes que se están celebrando en todo o mundo para difundir o seu legado nun concerto especial de Tita Parra, neta da cantautora, arroupada por Martirio, Uxía e Rosa Cedrón. Tres das voces máis representativas da troba ibérica nesta celebración, unidas polo coñecemento e o respecto á obra de Violeta e por un modo de ser artista e muller que traspasa estilos, tempo e fronteiras. Ela segue sendo un patrimonio non só dos chilenos e chilenas senón para o resto do mundo que aínda cre na igualdade e nun futuro mellor para a humanidade.

COLÓN
A ESCENA!

MÚSICA

Uxía

30 de setembro. 20:00H.

UXÍA_O

ESTREA PRESENTACIÓN DO DISCO
SOBRE POEMAS DE UXÍO NOVONEYRA



Uxía



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Adulto

VOZ: Uxía. GUITARRA E VIOLA CAIPIRA: Sérgio Tannus. ACORDEÓN: Santi Crieiro. PERCUSIÓN: Isaac Palacín. COLABORACIÓNES ESPECIAIS: Ana Isabel Días (arpa clásica), José Manuel Díaz (contrabaixo) e Quim Farinha (violín).

Uxía presenta en concerto o seu novo traballo musical, unha particular homenaxe a Novoneyra no que viste de música os poemas do escritor do Courel con ecos de muiñeira, ragtime, alalá e reggae. “A poesía de Uxío Novoneyra ten un ritmo interno que a fai moi adecuada para ser cantada”, sostén Uxía, que decidiu colaborar de novo co multi-instrumentalista brasileiro Sérgio Tannus “para que esta visión fora a máis actual e universal posible, colocando o acento na contemporaneidade e musicalidade da súa obra”.

Para determinar o repertorio, Uxía e Sérgio escolleron entre o seu poemario o que atoparon “máis próximo e familiar”, en ocasións unindo varios poemas, como é o caso de “O aire” ou “A miña sombra correndo”, transformado en alalá. Xunto ás novas composicións atópanse tamén unha adaptación do tema “Cain as follas”, de Emilio Cao, ou “Alalás encadeados”, poema inédito incluído no disco de Uxía “Meu canto” (Fol Música, 2011).



 Con De Tres Pes

 Platea, palcos, anfiteatro (principal)
Anticipada: 12, 10 e 8 €. Día da función: 15, 12 e 10 €

 Adulto

INTÉRPRETES: Carlos Blanco e Luís Davila. TÉCNICO DE LUZ E SON: Dani Juncal. TÉCNICO DE VÍDEO: Breixo Giraldo. TÉCNICO ESCENARIO: Román Lecuna.

Luís Davila e Carlos Blanco deixan (momentaneamente) a saia escocesa e póñense smóking para sachar como é debido. E ata cociñan caldo en directo. Literalmente.

O debuxante de Bueu e o actor arousán combinan novamente inxenios e artes para atopar o cóctel perfecto.

Desta volta viaxan a Broadway. Cos sachos, claro. E bailan (?) claqué e todo. Animación incluída. Un xoguete escénico, un traballo a dúo onde a comedia ten finalmente a cobertura visual que nunca tivo. Menú da Noite. I+D.

Con música de Budiño e Kepa Junquera. Risas aseguradas (e debuxadas).

TEATRO

COLÓN
A ESCENA!

16 de novembro. 20:30H.

FILLOS DO SOL



Contraproducións & FIOT



Platea: 15 €. Palcos centrais: 12 €. Principal: 9 €.
Palcos laterais: 6 €. Consultar descontos



Xeral

ELENCO: César Cambeiro, Adrián Ríos e Alba Bermúdez. TEXTO: Cándido Pazó. ILUMINACIÓN: Afonso Castro. ESCENOGRAFÍA: Carlos Alonso.
VESTIARIO: Carlos Alonso e Belén Pichel. REALIZACIÓN VESTIARIO: Mila Abal. MÚSICA: Guillermo Fernández. AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Belén Pichel.
AXUDANTE DE PRODUCCIÓN: Lilián Portela. XEFE DE PRODUCCIÓN: Belén Pichel. DIRECCIÓN: Cándido Pazó.

Elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: Os Eoas.

A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, o bardo bergantiñán, xa octoxenariano e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación e a xove criada da pensión na que está albergado.



18 de novembro. 20:00H.

GALLAECIA ALL STARS

O MUSICAL "MELLOR, MELLOR!"



Gallaecia Eventos



Platea: 15 €. Palcos centrais: 12 €. Principal: 9 €.
Palcos laterais: 6 €. Consultar descontos



Xeral

CANTANTES/ACTORES: Luís Iglesia, Sergio Zearreta e Paty Lesta. PIANO, ARRANXOS E DIRECCIÓN: Cristian Leggiero. SAXOS: Pablo Castaño, Antonio Otero e Martiño Mato. TROMBÓNS: Luis Miranda, Diego Rodríguez e Pedro Torres. TROMPETAS: Hansel Luís, Wilson Ortega e Adrián Lage. BATERÍA: Sergio González. BAIXO E CONTRABAIXO: Pachi Cruz. PERCUSIÓN: Ildemaro Díaz. TÉCNICO SON: Manolo Dourado.

Un espectáculo cunha coidada posta en escena pensado para todo tipo de público. Durante dúas horas ininterrompidas de música de calidade, mesturada cunha historia de moito humor, Gallaecia Big Band realiza unha viaxe aos tempos das grandes Big Bands dunha forma amena e con escenas de humor que diferencian este espectáculo doutras formacións musicais. O repertorio é unha coidada selección dos clásicos do swing, latin, boleros, mambos, chachachás, rock an roll, soul....

Trece músicos, dous cantantes de luxo, Sergio Zearreta e Paty Lesta e unha convidado estrela, Luís Iglesia! Música, teatralidade e moitísima diversión, farán que a festa sexa inesquecible!

Nunha Galicia invadida polas orquestras modernas, o cantante Segio Zearreta, con moitas ambicións e pouco coñecemento de causa, decide ser cantante da Gallaecia Big Band, unha elegante e clásica formación que reflicte toda a esencia das grandes Big Bands, as que facían bailar o público cun repertorio clásico e moi variado. Para conseguir o seu obxectivo, o noso desafortunado cantante S.Z. terá que lidar co seu director, o pianista italiano Cristian Leggiero, a marabillosa Paty Lesta cantante da Big Band e o cantante convidado estrela, Luís Iglesia.

COLÓN
A ESCENA!

DANZA

22 de novembro. 20:00H.

O LAGO DOS CISNES

VERSIÓN ORIXINAL



O Ballet de Moscova



Platea e Palcos 35 €. Principal 25 €.
Grupos (mínimo 12) 20 €.



Xeral

MÚSICA: Piotr I. Tchaikovsky. COREOGRAFÍA: Marius Petipa – Lev Ivanov. DIRECCIÓN: Timur Fayziev. REPARTO: Odette – Odille: Cristina Terentiev; Príncipe Sigrído: Anatolie Ustimov; Von Rothbart: Alexei Terentiev; Bufón: P. Raykov; Pas de Trois: M. Zaripova, N. Vorontsova e A. Balan; Catro Cisnes: N. Vorontsova, M. Larina, M. Khrapova e V. Bogomazova; Tres Cisnes: M. Zaripova, V. Lenskaya e D. Ivanenko; Danza Española: M. Motorygina e A. Balan. Danza Novias: D. Ivanenko (Italiana), N. Vorontsova (Rusa), V. Lenskaya (Polaca), M. Zaripova (Húngara) e S. Shikina (Raiña).

Que contribúe no mundo da danza clásica a que O Lago dos Cisnes sexa o ballet máis apreciado de todos os tempos? Por máis que a súa feitiçeira historia percorre toda a gama de emocións humanas, o consenso popular inclínase a sinalar a música de Piotr I. Tchaikovsky, “o máis admirado compositor de música de ballet na tradición clásica que xamais existise”, como o maior responsable, por estar repleta de ricas melodías moi apropiadas para danzar, e sumamente belas e agradables de escoitar. Por outra banda, comezando polas notas do tema melancólico e misterioso do oboe, que anuncia a presenza da princesa-cisne xunto ao lago, os ritmos, xa sexan rápidos ou lentos, inspiraron (e aínda inspiran) coreografías líricas, fluídas, e ata un tanto dramáticas -se se quere- que ofrecen gran oportunidade de lucimento aos intérpretes. Cos mellores solistas rusos que integran a compañía na que destacan Cristina Terentiev, Anatolie Ustimov e Alexei Terentiev, na obra máis representada de toda a historia da danza.

COLÓN
A ESCENA!

TEATRO

1 de decembro. 20:30H.

A CABEZA DO DRAGÓN

UNHA OBRA DE VALLE-INCLÁN



Produccións excéntricas



Platea: 15 €. Palcos centrais: 12 €. Principal: 9 €.
Palcos laterais: 6 €. Consultar descontos



Xeral

ELENCO: Quico Cadaval, María Costas, Iván Marcos, Yelena Molina, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Josito Porto e Patricia Vázquez. AUTOR: Ramón María del Valle-Inclán. DIRECCIÓN E DRAMATURXIA: Quico Cadaval. VESTIARIO E DESEÑO GRÁFICO: Suso Montero. ESPAZO ESCÉNICO E ILUMINACIÓN: Baltasar Patiño. COMPOSICIÓN MUSICAL: Javier María López. DIRECCIÓN MUSICAL: Diego García Rodríguez. MÚSICOS DO T.A.C.: Luís Soto, Saúl Canosa, Alfredo Varela, José Vicente Faus, Nicasio Gradaille, Xaquín Carro Crieiro e Alvaro Quintanilla. XEFE TÉCNICO: Octavio Mas. MAQUINARIA E SON: Pepe Quintela. COREOGRAFÍA: IVÁN Marcos. XEFE DE PRODUCCIÓN: Rubén G. Pedrero.

“A Cabeza do Dragón” foi incluída polo autor nunha colección de farsas que titulou, ironicamente, “Retábulo de marionetas para educación de príncipes”. A historia conta a viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo.

Esta fábula está brillantemente manipulada por Valle-Inclán, quen introduce elementos actuais, crítica social, brincadeiras políticas, anacronismos argumentais, comentarios alleos á tradición do conto marabilloso... A función liberadora do riso, a corrupción política, a violencia machista, a anacrónica institución da monarquía, o medo á liberdade ou a banalización do amor romántico son temas da obra que continúan de actualidade. Valle-Inclán, coas oportunas manipulacións, leva a fábula ao grotesco contemporáneo que el creou: o esperpento.

Entre a magnética influencia do Xapón e a potente tradición da farsa europea, chea de máscaras e de acrobáticos combates, móvese esta primeira versión galega de “A Cabeza do Dragón” no 80 aniversario da morte de Valle-Inclán.

TEATRO

COLÓN
A ESCENA!



8 de decembro. 20:30H.

MENSAXE DO MAR



Fantoche Baj



Platea: 15 €. Palcos centrais: 12 €. Principal: 9 €.
Palcos laterais: 6 €. Consultar descontos



Xeral

ACTORES: Tero Rodríguez (Maruxa Mallo), Benxamín Otero (Federico García Lorca) e Inacio Vilarinho (Pablo Neruda). AUTOR E DIRECTOR: Inacio Vilarinho.
ESCENOGRAFÍCO E DESEÑO ILUMINACIÓN: I. Vilarinho. DESEÑO DE ESPAZO SONORO: Benxa Otero. DESEÑO DE VESTIARIO: D-Due.
COMUNICACIÓN SOCIAL: Urdime. REXISTRO EN VÍDEO: Tingalaranga. IMPRESIÓN GRÁFICA: Alvarellós s.l.

Mensaxe do Mar é unha reivindicación de Maruxa Mallo, da súa obra pictórica e da súa importancia como intelectual dentro da xeración do 27. Como se dunha conferencia se tratase Maruxa Mallo describe a súa vida desde o nacemento en Galicia ata o ano 1961 (cando xa ten 59 anos). En escena aparecerán tamén os seus amigos poetas, Federico García Lorca e Pablo Neruda, que axudarán a visualizar as múltiples facetas da artista:

a de pintora. Trázase un percorrido visual pola súa obra desde as Verbenas ata as Nature-zas Vivas, pasando polas series Cloacas e Campanarios e a Relixión do traballo, amosando ao espectador exemplos destas series tanto en reproducións físicas como en diapositivas.

a de escritora comprometida coa arte e coa política. No espectáculo utilízanse textos do seu ensaio Do popular na plástica española a través da miña obra nos que describe con precisión as diferentes series da súa pintura pero tamén os textos publicados na prensa da época nos que denuncia a represión franquista.

a de musa. Na súa relación con Lorca e Neruda, os outros protagonistas da peza, entenderemos a importancia de Maruxa Mallo como inspiradora, coa súa actitude e coa súa obra, da poesía destes e doutros poetas que se mencionan.

a de muller transgresora. Maruxa foi un ser independente por natureza e convicción, que nunca se casou con ninguén, nin marido, nin ismo, nin partido.

Recuperamos moitas das súas anécdotas máis significativas que dan noción da súa liberdade.

MÚSICA /
DANZA

COLÓN
A ESCENA!



16 e 17 de decembro. 20:00H.

O PODER DO ARCABUZ



Quique Peón Cía.



Por determinar



Xeral

AUTOR, DIRECTOR E COREÓGRAFO: Henrique Peón. COMPOSITOR, ARRANXOS E DIRECCIÓN MUSICAL: Pedro Lamas. ASISTENTE COREÓGRAFO: Jordi Vilaseca. ASISTENTE DE DRAMATURXIA: Susana Crespo. DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Santiago Mañasco. DESEÑO VESTIARIO: Henrique Peón. CONFECCIÓN VESTIARIO: M. Teresa Rosales / Santos Salgado. DIRECCIÓN CORO: Arantxa Concheiro. DIRECCIÓN MÚSICO TRADICIONAIS: Miguel Vázquez. DIRECCIÓN PANDERETEIRAS: Xurxo Fernandes. DESEÑO GRÁFICO: Pablo Federico.

Un musical que recrea a Revolución Irmandiña que tivo lugar en Galicia na Baixa Idade Media. Trátase dun espectáculo que combina música e danza (tradicional e contemporánea) en gran formato, con case un cento de artistas no escenario: 33 bailaríns, 24 músicos e 40 persoas no coro. A compañía Quique Peón Cía. e o Grupo de Música e Baile Tradicional “Xacarandaina” xúntanse para facer unha das obras máis ambiciosas no mundo da danza galega. “O Poder do Arcabuz” fusiona distintas artes escénicas enmarcadas nun contexto netamente contemporáneo e traído aos nosos días. A obra é a descrición surrealista dunha historia, creada para a ocasión, baseada na maior revolta do século XV en Europa: A Revolta Irmandiña.



26 de decembro. 20:00H.

EROSKI PARAÍSO

30 ANOS DE TEATRO GALEGO



Chévere



Platea: 15 €. Palcos centrais: 12 €. Principal: 9 €. Palcos laterais: 6 €. Consultar descontos



Adulto

EN ESCENA: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias, Fidel Vázquez e a colaboración especial dun veciño da comunidade local. Coa participación de Luís Martínez, Rosa Moledo e Federico Rei. **DRAMATURXIA, DIRECCIÓN:** Xron. **ESCRITA:** Manuel Cortés. **TÉCNICA:** Fidel Vázquez. **AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Arantza Villar. **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Chévere. **CONSTRUCCIÓN:** +Arte Compostela. **MÚSICA:** Terbutalina. **ESPAZO SONORO:** Xacobe Martínez Antelo. **FOTOGRAFÍA:** Matteo Bertolino. **VÍDEOS:** Númax. **GRÁFICA:** Fausto Isorna. **COMUNICACIÓN:** Xana García. **PRODUCCIÓN:** Patricia de Lorenzo, Inés Portela. **DISTRIBUCIÓN:** Crémilo-Carlos Carbonell.

Como outras pezas de Chévere, Eroski Paraíso é o resultado dun proceso de procura de varios meses que logo se concreta no local de ensaio. Nesta ocasión fíxose un traballo de documentación previo sobre a sala de festas Paraíso, que funcionou en Muros entre 1972 e 1990. Alí coñecéronse Eva Martínez e Antonio Formoso en 1989, como tantas outras parellas da zona. Ela tiña 19 anos, el 25.

Casaron ao quedar ela embarazada e a súa filla Alexandra (Álex) naceu ao ano seguinte, xusto cando pechou a Paraíso. Logo emigraron e andaron a tombo dun lado a outro deixando que a vida decidise por eles. Vintecinco anos despois, atopamos a Eva de volta en Muros coidando de seu pai e traballando no supermercado que abriron no mesmo local que ocupaba a sala de festas. Antonio segue en Canarias. Álex acaba de rematar un máster de cine en Barcelona e viaxa a Muros para facer o seu primeiro documental. Unha película sobre os seus pais, sobre a distancia que as súas vidas abriron entre aquel paraíso e este supermercado, un retrato do desarraigo vital de toda unha xeración.

Eroski Paraíso é o título que lle puxo á súa película. E esta obra é un convite para asistir a unha das sesións de rodaxe.

COLÓN
A ESCENA!

TEATRO



29 de decembro. 20:30H. (Representación)

30 de decembro. 11:00H. (Mesa redonda) e ás 21:00H. (Longametraxe documental)

ESTADO DE GRAZA

30 ANOS DE TEATRO GALEGO



Teatro do Noroeste



Prezo para día 29: Platea: 15 €. Palcos centrais: 12 €.
Principal: 9 €. Palcos laterais: 6 €. Consultar descontos



Xeral

AUTOR: Eduardo Alonso. Epifanía da mala filla. REPARTO: Luma Gómez (Dona Dolores), Imma Antón (Catarina), Manuela Varela (Lola), Nini True (Sol).
DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA: J Méndez. COMPOSICIÓN MUSICAL: Chefa Alonso. DESEÑO DE MAQUILLAXE: Dolores Centeno. PRODUCCIÓN E DESEÑO GRÁFICO: Eva Alonso.
DIRECCIÓN E DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Eduardo Alonso.

A difícil relación entre unha filla que ansía a liberdade e unha nai dominada polas crenzas relixiosas máis profundas. O duro enfrontamento entre unha xeración dominada pola beatería máis contumaz e a seguinte coa liberdade por bandeira. Cando a relixión impera en todos os comportamentos humanos, resulta case imposible liberarse dese xugo. No tardo – franquismo, seguramente o momento histórico en que dúas xeracións consecutivas estiveron máis distantes ideoloxicamente, catro mulleres loitan por establecer o seu lugar no mundo.

Actos do 30 aniversario de Teatro do Noroeste no Colón. Venres: 20:30 Apertura da exposición e Representación de “Estado de Graza”. Sábado: 11:00 Mesa Redonda “A arte escénica na encrucillada: pasado, presente e futuro do teatro galego” e 21:00 estrea da Longametraxe Documental.

CINE- MA COLÓN

O Colón lembra as súas orixes como teatro, marcadas pola exhibición de filmes emblemáticos. Cinema Colón presenta ante o público da cidade unha selección dos mellores filmes vistos en dous dos máis destacados e exitosos festivais audiovisuais da provincia: Curtocircuíto e Cineuropa. Unha xornada dedicada a cada un destes certames ofrecerá na Coruña a posibilidade de ver as mellores cintas proxectadas neles na súa última edición.

CINEMA

CINEMA
COLÓN

12 de outubro. 20:30H.

O mellor do

CURTOCIRCUÍTO 2017

CINEMA



Concello de Santiago de Compostela



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Adulto

Proxección de cinema cunha selección das mellores curtametraxes exhibidas na 14ª edición do Curtocircuíto, Festival Internacional de Cine que se celebra entre o 1 e o 8 de outubro do 2017 en Santiago de Compostela. A actual edición do Curtocircuíto conta coa presenza do controvertido cineasta galés Peter Greenaway, convidado especial que protagonizará un encontro co público e presentará unha proxección das súas pezas. Así mesmo o festival tamén mostrará o traballo feito desde detrás da cámara polo músico Stuart Staples e o Premio Nacional de Fotografía Alberto García-Alix.

CINEMA
COLÓN

CINEMA

GRAZAS

VÉMONOS EN NOVIEMBRE DE 2017

CINEUROPA

7 de decembro. 20:30H.

O mellor do CINEUROPA 2017



Concello de Santiago de Compostela



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Adulto

Proxección da película máis destacada do festival Cineuropa 2017 que se celebra no Teatro Principal, no Salón Teatro e outros puntos da cidade de Santiago de Compostela ao longo de todo o mes de novembro.

Traemos ao Teatro Colón parte da esencia deste exitoso festival que iniciou a súa andaina no ano 1987 e que vai xa pola 31ª edición.

CONEXIONES COLÓN

Conexións Colón engloba todas as actividades que se desenvolven no Teatro a través da nosa colaboración ou cesión a diferentes entidades culturais e sociais sen ánimo de lucro. A Deputación da Coruña aposta desta maneira pola apertura das instalacións do teatro á cidadanía e colectivos da provincia, co obxectivo de que poidan promover actividades culturais desde perspectivas cívicas para a mellora social e cultural.

CONEXIÓNS COLÓN

| MÚSICA

24 de setembro. 19:00H.

CONCERTO GOSPEL ANIVERSARIO DA REFORMA DE LUTERO

Consello Evanxélico de Galicia  Gratuito  Xeral
Consello Evanxélico de Galicia. DIRECTOR DO CORO: Emilio Lagos.



O programa inclúe un concerto cun percorrido musical desde a Reforma ata os nosos días que incluírá unha sección de Gospel.

Un Coro duns 120 cantantes máis músicos, membros das igrexas evanxélicas de Galicia coa característica de ser interxeracional, intercultural, interracial e testemuñal, que estarán dirixidos por Emilio Lagos.

A música ten moita importancia no movemento da Reforma e permítenos descubrir a Martín Lutero que, ademais da súa influencia teolóxica, achegou o seu coñecemento musical. Como músico tocaba o laúde e a frauta, compositor e renovador do canto cristián. Lutero era un coñecedor do canto gregoriano pero tamén das melodías populares, moitas das cales se converteron en cánticos de contido relixioso (“Castelo Forte” ou “Do Alto Ceo” en Nadal).

| PRESENTACIÓN

26 de setembro. 20:30H.

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL TOSTA E DA GUÍA DE USOS LINGÜÍSTICOS O DÍA EUROPEO DAS LINGUAS

UNHA GUÍA IMPERFECTA É UNA PROPOSTA DE PRÁCTICAS DIRIXIDAS A AXENTES CULTURAIS QUE TRABALLAN EN PROXECTOS INTERNACIONAIS E QUE APOSTAN POR UNHA XESTIÓN RESPECTUOSA DAS LINGUAS MINORITARIAS

 A Mesa pola Normalización Lingüística  Gratuito  Xeral

DIRECTOR: Jorge Fernández Mayoral. GUIÓN: Jorge Fernández Mayoral.

FOTOGRAFÍA: Jorge Fernández Mayoral. MÚSICA: Tosta Banda.

MESTURA DE SON: Ernesto Santana. MONTAXE: Jorge Fernández Mayoral.



Tosta, embaixada itinerante de San Sebastián 2016, foi un proxecto de colaboración entre a Capitalidade Europea da Cultura, Euskaltzaleen Topagunea e seis axentes de outras tantas linguas minoritarias do eixe atlántico. Contou coa participación galega da Mesa pola Normalización Lingüística co apoio da Área de Cultura e Lingua da Deputación da Coruña. Contribuíu a estreitar os lazos entre o galego, o irlandés, o gaélico escocés, o cónico, o galés, o frisio e o euskera.

As experiencias acumuladas nesta viaxe quedaron recollidas nunha guía de xestión lingüística e un documental, que se presentarán o próximo martes día 26 de setembro coincidindo co Día Europeo das Linguas. O documental Tosta proxectarase en versión orixinal con subtítulos en galego. O acto de presentación está dirixido a todas as persoas interesadas na diversidade lingüística e cultural.

CONEXIÓNS COLÓN

| MÚSICA

14 de outubro. 20:00H.

CICLO “NOSOS INTÉRPRETES” ANGELES BLANCAS GULÍN, SOPRANO

DE VERDI A WAGNER.

Arias de óperas de Giuseppe Verdi e Richard Wagner.

Amigos da Ópera Por determinar Xeral

SOPRANO: Angeles Blancas Gulín. PIANO: Giovanni Auletta.



Días despois de cumprirse o 15 aniversario do falecemento da gran soprano galega Ángeles Gulín, a súa filla, a tamén soprano Ángeles Blancas, renderalle homenaxe con este recital. Antes de incorporarse aos ensaios de “Katia Kabanova” na Fenice de Venecia, a Blancas fixo un oco na súa axenda internacional para renderlle homenaxe á súa nai no mesmo teatro onde actuara tantas veces para Amigos da Ópera. E para a ocasión reuniu un programa moi especial, con arias de óperas de Verdi que a súa nai cantou, na primeira parte, e a “Inmolación” de Brunilda de “O ocaso dos deuses” de Wagner na segunda.

| MÚSICA

27 de outubro. 20:30H.

CONCERTO SOLIDARIO ZARZUELA

Coro e Orquestra da Escola Municipal de Música da Coruña

Por determinar Xeral



| MÚSICA

28 de outubro. 20:00H.

HOMENAXE A PEPE TEMPRANO

Asociación de Gaiteir@s Galeg@s

Gratuíto

Xeral



Pepe Temprano nace en A Coruña en 1940. Os seus comezos na música tradicional teñen a súa orixe na familia. De pai gaiteiro e tamborileiro, tío gaiteiro e avó acordeonista, Pepe Temprano creceu escoitando “Os Tempranos de Eirís da Cruña”, o primeiro cuarteto de gaitas que houbo en A Coruña e As Mariñas e que atopou en Pepe o relevo xeracional.

Na súa prolífica vida como gaiteiro, tocou en multitude de escolas e grupos. Tocou nos Tempranos de Eirís, na Fábrica de Tabacos, na Asociación de Coros e Danzas Eidos, Aturuxo, Coros e Danzas da Sección Femenina, e practicamente en todos

CONEXIÓNS COLÓN

os grupos de A Coruña. Como el día, “coa gaita ao lombo” percorreu o mundo tocando en multitude de lugares; Porto Rico, Miami, Bos Aires, París, Bélxica, Holanda, Nova York e por suposto por todo o país.

Home polifacético onde os haxa, Pepe Temprano, tamén foi actor, chegando a rodar unha treintena de spots publicitarios.

Pepe tamén é un coleccionista nato, e dise que atesoura unha das coleccións tanto discográficas como de instrumentos mais extensa de Galicia, todas auténticas xoias a través das cales foi cultivando un intenso coñecemento sobre a nosa música.

Con esta Homenaxe queremos amosarlle o agradecemento e cariño que lle temos todas as persoas que estamos no ámbito do folclore.

Pero tamén servirá como recoñecemento a toda unha vida dedicada a nosa música cunha traxectoria histórica de enorme calidade artística, recoñecemento que lle fará a Real Academia de Belas Artes, outorgándolle a Medalla de Prata “Marcial del Adalid”.

| TEATRO

30 e 31 de outubro. 11:00H. (escolares)

31 de outubro. 20:30H. (adultos)

DON JUAN TENORIO

Asociación Cultural Zalaeta

Por determinar

Xeral



A Asociación Cultural Zalaeta leva a escena “Don Juan Tenorio”, a emblemática obra de 1844 de José Zorrilla. Unha das pezas teatrais máis representativas do Romanticismo que narra as peripecias de Don Juan Tenorio, un cabaleiro entregado a unha vida desenfreada de apostas, amoríos e duelos.

| MÚSICA

17 de novembro. 20:30H.

FESTIVAL DE OUTONO

Coral Polifónica Follas Novas

Por determinar

Xeral

Coral Polifónica El Eco, Coral Canticorum, Coral Santa María de Maris e Coral Polifónica Follas Novas.



A Coral Polifónica Follas Novas reúne neste Festival de Outono ás seguintes agrupacións: Coral Polifónica El Eco, Coral Canticorum, Coral Santa María de Maris e a Coral Polifónica Follas Novas.

CONEXIÓNS COLÓN

| MÚSICA

25 de novembro. 20:00H.

CORO CANTABILE

🎵 A.C. e Musical Cantabile 🎵 Por determinar 🎵 Xeral



| DANZA

26 de novembro. 19:00H.

GALA SOLIDARIA DE DANZA

A BENEFICIO DO PROXECTO VIAXE CARA Á VIDA DA ONG
TERRA DE HOMES EN GALIZA

🎵 Terra de Homes 🎵 Por determinar 🎵 Xeral

Presentado por Cristian Magic. Actuación escolas de danza: (Escuela Danza
Druida e outra escola).



Ayuda directa a la infancia desamparada

Nova edición da gala solidaria de danza a beneficio do proxecto Viaxe cara á Vida da ong Terra de homes en Galiza. Presentada polo mago Cris-

tian Magic e con actuacións de varias escolas de danza locais. Os fondos recadados destinaranse ao programa de saúde Viaxe cara á Vida, que consiste no traslado á cidade de nenos con problemas de saúde de países en vías de desenvolvemento para ser operados ou tratados en centros hospitalarios coruñeses.

| ESPECTÁCULO

28 de novembro. 20:30H.

GALA PREMIOS SOLIDARIOS. ONCE GALICIA

🎵 Premios ONCE 🎵 Por determinar 🎵 Xeral



SOLIDARIOS



CONEXIÓNS COLÓN

| DANZA

19 e 20 de decembro. 20:30H.

CAFÉ DA ESTACIÓN

 Conservatorio Profesional de Danza da Coruña

 Gratuito  Xeral



Representación didáctica. O noso percorrido comeza diante da estación de tren como símbolo das grandes xiras que facían as compañías de danza, amosando personaxes que podían atoparse na rúa ou cerca dunha estación. Despois poderemos ver como toma vida “O café da Estación” coas distintas danzas que representan a alegría parisina. Parte deste espectáculo está inspirado en “Gaiité Parisienne”, sendo esta unha das obras máis representativas do coreógrafo Leonide Massine.

| DANZA

21 de decembro. 20:30H.

A HISTORIA DA DANZA

GALA BENÉFICA COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA

 Cocina Económica da Coruña

 Por determinar

 Xeral

Escola de Danza Carmen. DIRECCIÓN: Carmen Mejuto.

DIRECCIÓN ESCENA: Carmen Mejuto. DESEÑO ILUMINACIÓN: Escola de danza Carmen. MÚSICA: Varios compositores e estilos.



Percorrido pola historia da danza desde as súas orixes ata a actualidade. Buscando os momentos máis significativos de cada época e lembrando a algúns das grandes iconas da danza, entre os diferentes estilos: moderno, clásico, flamenco, oriental...

| MÚSICA

22 de decembro. 20:30H.

CONCERTO DE NADAL

 Orquestra e Coro Gaos

 Gratuito

 Xeral




PRODU- CIONS DAC_CULTURA

O Teatro Colón e a área de Cultura da Deputación da Coruña unimos forzas para o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de produción propia, centrados fundamentalmente na divulgación social de efemérides, figuras ou temáticas de especial interese para o campo social e cultural galego.

PRODUCCIÓN
DAC_CULTURA

MÚSICA



20 de outubro. 18:30H.

GALA FINAL DO II CERTAME DE MÚSICA INFANTIL E XUVENIL **QUERO CANTAR**



Deputación da Coruña



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Familiar

Participan como finalistas 3 grupos da categoría infantil que non se coñecerán até a resolución da segunda fase, que se ha producir na vindeira semana. Participarán ademais dúas bandas invitadas, unha da categoría xuvenil e unha banda profesional de música infantil aínda por confirmar.

Quero Cantar é un concurso de música infantil e xuvenil convocado pola Deputación da Coruña. As tres bandas finalistas interpretarán en directo a súa canción e un xurado formado por nenas e nenos elixirá a vencedora.

MÚSICA

PRODUCCIÓN
DAC_CULTURA



11 de novembro. 20:00H.

ATESOURANDO A PALABRA

HOMENAXE NACIONAL A PACO SOUTO



Deputación da Coruña



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Xeral

COORDINA E PRESENTA: Rosalía Fernández Rial. PARTICIPAN: -Poetas: Miguel Mato Fondo, Marta Dacosta, Xosé Iglesias, Lino Braxe, María Xosé Fernández e Paco de Tano. -Artistas plásticos: Viki Rivadulla, Peter Kramer, Peter Schneider, Mon Lendoiro, Chiña, Abraham Vila. -Músicos: Aida Saco, Serxio Moreira, algúns músicos de Samariñas.

"Atesourando a palabra" é un espectáculo interdisciplinar en homenaxe póstumo ao poeta Paco Souto. En coherencia coa personalidade e discurso artístico deste escritor, levarase a cabo unha posta en escena na que confluirán a poesía, a música e a plástica. Diferentes profesionais das distintas áreas dialogarán arredor da figura dun escritor amigo que nos deixou para sempre a súa voz.

Hemisferios

24 de novembro. 20:30H.

HEMISFERIOS. MULLERES E VOCES

ESPECTÁCULO MUSICAL CON UXÍA, PILOCHA, ALBA MARÍA, BELÉM TAJES,
UGIA PEDREIRA, SILVIA PENIDE, SONIA LEBEDINSKY E REY.



Deputación da Coruña



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Xeral

CANTANTES: Pilocho, Ugia Pedreira, Silvia Penide, Uxía, Sonia Lebedynski, Belén Tajés, Carmen Rey e Alba Rodríguez. BANDA: José Manuel Díaz (dirección e contrabaixo), Felipe Villar (guitarra), Roberto Comesaña (acordeón e piano), Manuel Paino (trompeta) e Javier Barral (percusión). DIRECCIÓN ARTÍSTICA: Cristina Domínguez.

Un único concerto especial e unha celebración de oito voces en oito mulleres. Leva o título da canción composta por Alba María, a petición da área de Cultura da Deputación da Coruña, co motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres. É este un proxecto que pon en común a creatividade de oito das máis recoñecidas voces da nosa música. Uxía, Pilocho, Alba María, Belem Tajés, Ugia Pedreira, Silvia Penide, Sonia Lebedinsky e Carmen Rey, voces de diferentes xeracións e estilos, únense, nun tema musical que busca celebrar desde o orgullo, a vindicación, a emoción e a vontade de loitar e de avanzar na igualdade de xénero, para unha sociedade máis xusta e mellor.

Cada artista interpretará unha canción do seu repertorio e xuntas cantarán o tema “Hemisferios”, himno deste 2017 para o 8 de marzo, o broche desta gala única e irrepetible.

24 de setembro. MÚSICA. Concerto Gospel Aniversario da Reforma de Lutero. *Consello Evanxélico.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 33).

25 de setembro. MÚSICA. Homenaxe a Violeta Parra. *Espectáculo musical con Tita Parra, Martirio, Uxía e Rosa Cedrón.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 18).

26 de setembro. AUDIOVISUAL. Tosta. *A Mesa pola Normalización Lingüística.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 33).

30 de setembro. MÚSICA. Uxía_o. *Estrea presentación do disco sobre poemas de Uxío Novoneyra.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 19).

7 de outubro. HUMOR. Menú da noite. *Carlos Blanco e Luís Davila.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 20).

12 de outubro. CINEMA. O mellor do Curtocircuíto 2017. CINEMA COLÓN. (Páx. 30).

14 de outubro. MÚSICA. Os nosos interpretes Ángeles Blancas Gulín. *Amigos da Ópera.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 37).

15 de outubro. TEATRO. Xurdefet. *Berrobambán.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 6).

18 e 19 de outubro. TEATRO. Elisa e Marcela. *A Panadaria.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 13).

20 de outubro. MÚSICA. Quero Cantar. *Gala final cos grupos gañadores do certame musical.* PRODUCIÓNS DAC_CULTURA. (Páx. 39).

22 de outubro. MÚSICA. María Fumaça. *Aire.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 7).

27 de outubro. MÚSICA. Concerto solidario Zarzuela. *Coro e Orquestra da Escola Municipal de Música da Coruña.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 34).

28 de outubro. MÚSICA. Homenaxe a Pepe Temprano. *Asociación de Gaiteir@s Galeg@s.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 34-35).

30 e 31 de outubro. TEATRO. Don Juan Tenorio. *Asociación Cultural Zalaeta.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 35).

5 de novembro. TEATRO. Animais de compañía. *Teatro do Noroeste.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 8).

7, 8, 9 e 10 de novembro. TEATRO. Animais de compañía. *Teatro do Noroeste.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 14).

11 de novembro. GALA. Atesourando a Palabra. *Homenaxe nacional a Paco Souto.* PRODUCIÓNS DAC_CULTURA. (Páx. 40).

15 e 16 de novembro. TEATRO. Fillos do Sol. *Contraproducións & Fiot Carballo.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 15).

16 de novembro. TEATRO. Fillos do Sol. *Contraproducións & Fiot Carballo.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 21).

17 de novembro. MÚSICA. Festival de Outono. *Coral Polifónica Follas Novas.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 35).

18 de novembro. MÚSICA. Gallaecia All Stars. *Jazz Big Band.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 22).

19 de novembro. MÚSICA. Gallaecia Gallaeciños. *Gallaecia Eventos.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 9).

22 de novembro. DANZA. O Lago dos Cisnes. *Ballet de Moscova.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 23).

24 de novembro. MÚSICA. Hemisferios. Mulleres e Voces. *Espectáculo musical con Uxía, Pilocho, Alba María, Belém Tajés, Ugía Pedreira, Silvia Penide, Sonia Lebedinsky e Carmen Rey.* PRODUCIÓNS DAC_CULTURA. (Páx. 41).

25 de novembro. MÚSICA. Coro Cantabile. *A.C. e Musical Cantabile.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 36).

26 de novembro. DANZA. Gala Solidaria de Danza. *Fundación Terra de Homes Galicia.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 36).

28 de novembro. GALA. Gala Premios Solidarios. *ONCE Galicia.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 36).

29 e 30 de novembro e 1 de decembro. TEATRO. A Cabeza do Dragón. *Producións excéntricas.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 16).

1 de decembro. TEATRO. A Cabeza do Dragón. *Producións excéntricas.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 24).

3 de decembro. TEATRO/MONICREQUES. As aventuras de Gale. *A xanela do Maxín.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 10).

7 de decembro. CINEMA. O mellor do Cineuropa 2017. CINEMA COLÓN. (Páx. 30).

8 de decembro. TEATRO. Mensaxe do Mar. *Fantoches Baj.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 25).

10 de decembro. MÚSICA. O camiño dos paxaros. *Magín Blanco.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 11).

16 e 17 de decembro. DANZA/MÚSICA. O poder do Arcabuz. *Quique Peón.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 26).

19 e 20 de decembro. DANZA. Café da Estación. *Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña.* CONEXIÓNS COLÓN (Páx. 37).

21 de decembro. DANZA. Espectáculo benéfico A Historia da Danza. *Cociña Económica da Coruña.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 37).

22 de decembro. MÚSICA. Concerto de Nadal. *Orquestra e Coro Gaos.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 37).

26 de decembro. TEATRO. Eroski Paraíso. Chévere. *30 Anos de Teatro Galego.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 27).

29 e 30 de decembro. TEATRO. Estado de Graza. Teatro do Noroeste. *30 Anos de Teatro Galego.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 28).

VENDA DE ENTRADAS

www.ataquilla.com

902 504 500, luns a sábado non festivos de 8 a 22h.

Sede Afundación A Coruña, Cantón Grande 8, luns a sábado, de 9 a 21h.

Teatro Colón o día do espectáculo, de 12 a 14h. e de 17 a peche.

Os datos contidos neste programa así como os prezos dos espectáculos poden sufrir variacións.
Por favor consulten a web do Teatro para asegurarse.

Para os espectáculos gratuítos é necesario retirar o convite na billeteira do Teatro o mesmo día do espectáculo ou o día anterior pola tarde, ou ben contactar coa entidade promotora.

www.teatrocolon.es

